

CANLE DE NOTIFICACIÓN

☐ Notificación Postal

☐ Notificación telemática

1.DATOS DO SOLICITANTE/REPRESENTANTE

DNI-NIF/CIF/NIE	NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL		
DIRECCIÓN			
CP	MUNICIPIO	PROVINCIA	
CORREO ELECTRONICO		TELÉFONO	
ACTUANDO: ☐ EN REPRESENTACIÓN DE:		☐ NOME PROPIO	

2. DATOS DO INTERESADO/A

DNI-NIF/CIF/NIE	NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL		
DIRECCIÓN			
CP	MUNICIPIO	PROVINCIA	
CORREO ELECTRONICO		TELÉFONO	

3. DATOS DA EDIFICACIÓN

Referencia catastral:				
Rúa	Num./km	Escaleira	Andar	Porta
Parcela	Polígono	Localización		

4. DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Denominación do establecemento		Epígrafe do IAE
Data de inicio da actividade		
Tipo de actividade: ☐ Inocua ☐ Suxeita a avaliación ambiental		

5. OBRAS

☐ Apertura do establecemento sen realizar obras.

☐ Que remata as obras comunicadas/autorizadas na data ____/____/20____ co numero de expediente ____ Polo que procede abrir o establecemento ou poñer en funcionamento as instalación, sen prexuízo das comprobacións administrativas que procedan.

Presentar esta comunicación cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta a Administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela, pero non dispensa de obter as concesións, autorizacións, licenzas ou permisos que impongan outras normas.

A comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos/as técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado., xa que non supón a aprobación técnica por parte do Concello nin prexulga a situación e efectivo acomodo das obras á normativa aplicable. Tampouco limita o exercicio das potestades administrativas de inspección e disciplina para o caso de incumprimento.

Don/a _____ **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE** que é certo o que se manifesta e que que achega a seguinte documentación que acredita:

- Que as características indicadas reflicten fielmente as actividades ou instalacións a desenvolver.
- Que se dispón de maquinaria, estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras.
- Que a instalación eléctrica se axusta ao Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Que a actividade dispón de extintores, iluminación de emerxencia e sinalización segundo o disposto na normativa vixente.
- Que as instalacións de climatización cumpren coas normas de instalación fixadas polo PXOM.
- Que a actividade cumpre coas normas de accesibilidade.
- Que cumprirán os requisitos relativos ás medidas hixiénico-sanitarias. - Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- Que a actividade dará cumprimento íntegro á normativa municipal do Concello de Cariño. - Que a edificación principal conta con licenza de primeira ocupación.
- Que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais que lle resulten necesarias para o exercicio da actividade. - Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que cumprirá os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio. Ademais, contará no local, a disposición dos servizos de inspección municipais, unha copia desta comunicación e, nos casos establecidos nas Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, a certificación de illamento acústico e/ou medicións de nivel de rúidos.
- Que, ao tratarse dunha actividade continuada, se axustará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.

AUTORIZA, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

E COMUNICA que iniciará a actividade a partires do día _____ (No caso de non indicar data entenderase a partires do día seguinte da presentación da instancia).

ADVÉRTESELE QUE consonte co disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos". Así mesmo, "a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano"

Cariño _____ de _____ de 20 _____

Sinatura do solicitante:



Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial e poden ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Cariño. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición coa comunicación por escrito ao Rexistro do Concello de Cariño.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARIÑO

PAX 2

- ☐ Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos
- ☐ Declaración do técnico/a facultativo/a de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico
- ☐ Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- ☐ As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- ☐ Se fora o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.
- ☐ Informe técnico da medición do illamento acústico do local, en cumprimento do disposto no artigo 11 do Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia, ou ben declaración do titular da actividade que faga constar expresamente que dita actividade producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a75dB ou 70dB en caso de áreas de maior sensibilidade acústica.
- ☐ Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- ☐ A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- ☐ Autorización ou declaración ambiental que proceda.
- ☐ Certificación de fin de obra e das instalacións, asinado por técnico competente, no caso de obras.
- ☐ Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento, escritura de compra, etc...)
- ☐ No caso de locais arrendados o certificado de eficiencia enerxética do local (artigo 3. Punto b) do Real Decreto 390/2021, de 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.

DOCUMENTACIÓN MINIMA QUE DEBERÁ DE CONTER O DOCUMENTO TÉCNICO

- ☐ Memoria descritiva da actividade que se pretende realizar
- ☐ Reportaxe fotográfico do interior e exterior
- ☐ Plano de instalación de protección contra incendios, fontanería, saneamento, electricidade, climatización e ventilación
- ☐ Xustificación do cumprimento da normativa galega de accesibilidade
- ☐ Xustificación do cumprimento do Real Decreto 486/1997 que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, do cumprimento do Código Técnico e do R.I.T.E
- ☐ Xustificación do cumprimento do decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia
- ☐ Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os necesarios para o inicio da actividade
- ☐ Certificación expedida por facultativo competente acreditativa de que o local é apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, accesibilidade, e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido e que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais.
- ☐ Planos acoutados de planta, alzado e sección do local, a escalas 1:100 ou 1:50 segundo o caso, indicando o uso das diferentes dependencias, a maquinaria, a situación das saídas, comunicacións, etc. e instalacións de protección contra incendios, asinado por técnico competente.
- ☐ Planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, sobre a cartografía oficial, asinado por técnico competente
- ☐ SE A ACTIVIDADE ESTÁ SUXEITA A PROCEDEMENTO PREVIO DE AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL. Declaración de incidencia ambiental e copia do proxecto do obra ou actividade asinada por técnico/a competente

DOCUMENTACIÓN XERAL AO MARXE DA INTERVENCIÓN

1. Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para efectos de notificacións.
2. Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
3. Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non terse emitidos os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
4. No caso de intervencións en edificios, construcións e instalacións en fóra de ordenación, conforme ao establecido na Lei do solo de Galicia, renuncia do propietario do inmovible ao incremento do valor en caso de expropiación.
5. O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Con carácter xeral, a comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta a Administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Pode vostede utilizar este impreso para comunicar a apertura dun establecemento ou a posta en marcha dunhas instalacións con destino a calquera uso distinto do de vivenda. Debera especificar se non foron necesarias obras ou se finalizaron as previamente autorizadas ou comunicadas co fin de poñer en marcha unha nova actividade (ou co de modificar substancialmente unha actividade previamente autorizada/declarada/comunicada).

Para utilizar os edificios de nova planta ou que foran obxecto dunha reestruturación xeral será preciso obter, antes de presentar este impreso, a primeira ocupación. Esta comunicación de apertura de establecemento habilita a inmediata posta en uso do mesmo.

Quen exerza a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando estas foron iniciadas, así como tamén adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan. Quen exerza a titularidade das actividades debe comunicar ao órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento.

Será, en todo caso, necesaria unha nova comunicación previa, en cumprimento dos requisitos do artigo 24 desta lei, nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

INSTRUCCIÓNS PARA ENCHER O IMPRESO

1. Datos identificativos do solicitante:
 - a) Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b) Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
 - c) Comunidade de Propietarios: DNI (ou documento que faga as súas veces) do presidente. No caso de que a solicitude a realice o administrador da Comunidade, DNI do administrador e documento que acredite debidamente a súa representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Ademais acta do nomeamento do presidente ou acta da reunión de propietarios acordando a realización das obras.
2. Datos identificativos da parcela:
 - a) Identifique a parcela con precisión mediante a referencia catastral. Se isto non fose suficiente, debe achegar a documentación gráfica precisa que a identifique de forma inequívoca.
3. Deberanse de preencher os datos das follas 1-4 e achegarse a documentación xeral e específica.

CONSIDERACIÓNS

Dentro dos quince días hábiles seguintes ao da comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a emenda das deficiencias que presente a documentación; neste caso adoptará motivadamente as medidas provisionais que entenda oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, e comunicarallas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.